

**Inserción laboral  
e características do emprego  
dos egresados e das egresadas  
da Universidade da Coruña**

***Titulacións de máster, cohorte 2014/15***

## **EQUIPO INVESTIGADOR**

### **Director**

Paolo Rungo

### **Colaboradoras**

María Jesús Freire Seoane

María Inmaculada Muñoz Pliego

## **CONTIDO**

INTRODUCIÓN .....	5
1. Metodoloxía .....	6
2. Satisfacción cos estudos.....	10
3. Inserción laboral.....	12
3.1. Taxas de actividade, emprego e paro dos egresados e egresadas de máster na UDC .....	12
3.2. Prácticas laborais e consecución do primeiro emprego .....	16
3.3. Tempo que transcorre desde a finalización do máster ata atopar o primeiro emprego.....	19
4. Características do emprego.....	22
4.1. Relación entre ocupación e estudos .....	22
4.2. Clase de traballo e xornada laboral.....	24
4.3. Estabilidade laboral .....	29
4.3. Remuneración .....	31
4.4. Retención do talento en Galicia .....	34
Conclusións .....	36



## **INTRODUCIÓN**

Un número crecente de persoas realiza estudos de máster na Universidade da Coruña (en diante, UDC) co fin de completar a súa formación e progresar na súa carreira profesional. De feito, a cifra de egresados e egresadas de máster aumentou nun 50% en cinco anos, desde 2011 ata 2015. A oferta formativa da UDC é moi variada, e, en consonancia, os másteres universitarios que nela se imparten teñen finalidades distintas, desde a investigación ata a preparación para prácticas profesionais específicas. Con todo, a gran maioría das titulacións conta cunha vertente profesionalizante. Por tanto, tal e como pon de manifesto a normativa vixente que regula a medición dos resultados das ensinanzas oficiais, é importante analizar a inserción laboral das persoas que rematan estudos de máster na UDC.

Este informe é unha fotografía da situación dos egresados e as egresadas de máster do curso 2014/15 nun momento específico do tempo, xuño de 2019, e pretende ofrecer información de interese para os centros, a UDC e a sociedade. O noso obxectivo é que esta información se utilice para a mellora dos plans de formación e para asegurar o continuo axuste entre a oferta académica e as necesidades da nosa contorna.

## **1. METODOLOXÍA**

Neste informe preséntanse os datos de inserción laboral dos egresados e as egresadas de titulacións de máster universitario da UDC que finalizaron os seus estudos no curso 2014/15. A súa finalidade é ofrecer información útil para a mellora das titulacións no ámbito específico do emprego e a empregabilidade dos titulados universitarios. Con este propósito, os obxectivos específicos do estudio son os seguintes.

1. Medir o nivel de satisfacción que teñen cos seus estudos os egresados e as egresadas de máster da UDC.
2. Observar a inserción laboral dos egresados de máster, con especial referencia ás taxas de actividade, emprego e paro por titulación, así como ao tempo necesario para encontraren emprego.
3. Valorar o nivel de realización de prácticas laborais durante o período de estudo, amais da utilidade destas prácticas para a inserción laboral das persoas egresadas.
4. Analizar as características do emprego dos egresados e as egresadas de máster, con especial atención á relación do emprego cos estudos, ás formas contractuais, á dedicación horaria e á remuneración.
5. Observar a mobilidade xeográfica dos egresados e as egresadas de máster, en particular a porcentaxe que desenvolve a súa actividade profesional en Galicia.

Como é habitual neste tipo de estudos en España, os datos refírense á situación laboral dos titulados despois de, aproximadamente, tres anos e medio desde a finalización dos seus estudos. Obtivéronse mediante un cuestionario adaptado aos obxectivos específicos do estudio, que foi deseñado tendo en conta os traballos anteriores do Observatorio Ocupacional da UDC, así como as recomendacións da rede do Observatorio de Empregabilidade e Emprego Universitarios das universidades españolas. As entrevistas telefónicas asistidas por computador leváronse a cabo durante o mes de xuño de 2019.

A poboación total de egresados e egresadas dos másteres activos na UDC con data do mes de xuño de 2019 ascende a 717 persoas de 50 titulacións distintas. A mostra deste estudio abrangue 572 persoas tituladas, distribuídas entre as distintas ramas de coñecemento do seguinte modo: 12 de Artes e Humanidades; 42 de Ciencias; 57 de Ciencias da Saúde; 379 de Ciencias Sociais e Xurídicas;

e, por último, 82 de Enxeñaría e Arquitectura. Xa que logo, a mostra inclúe o 79,8% da poboación total (marxe de erro agregado para un nivel de confianza do 95% e heteroxeneidade 50% = 1,8%).

Na Táboa 1 detállase a composición da mostra por titulación e xénero. Respectouse a cota de xénero (aproximadamente o 65% son mulleres) e, na medida do posible, tentouse manter a representatividade da mostra por titulación. Porén, a cifra de persoas incluídas nas mostras correspondentes a algunas titulacións é moi reducida. Esta circunstancia pode dar lugar a resultados extremos e moi variables. Ademais, no caso dun número moi reducido de entrevistados e entrevistadas podería producirse a identificación indirecta das persoas, coa consecuente vulneración dos seus dereitos vinculados á protección de datos persoais.

Para o cálculo das medias xerais e por rama de coñecemento, optouse por incluír no estudo a todos os egresados e todas as egresadas de todas as titulacións de máster. Con todo, preséntanse os resultados desagregados por titulación só naquellos cun número de persoas tituladas superior a 10 durante o curso 2014/15. Este criterio implica a exclusión, só para os efectos da presentación de datos neste informe, de 18 titulacións.

Na Táboa 2 detállase o perfil dos egresados de máster da UDC. De media, o 62,9% acabou os estudos que o levaron a atinxir o título anterior, de grao, fai menos de dous anos. A súa idade media é de 32,4 anos. Daquela, obsérvase que existe unha alta porcentaxe de egresados e egresadas que se atopan fóra da categoría de «continuación de estudos». A porcentaxe daquelas persoas que cursaron un máster como tituladas recentes de grao varía entre ramas de coñecemento desde o mínimo de Artes e Humanidades (33%) ata o máximo de Ciencias (69%).

**TÁBOA1. TITULACIÓNS DE MÁSTER DA UDC E NÚMERO DE EGRESADOS E EGRESADAS**

	Poboación			Mostra		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
<b>Artes e Humanidades</b>						
Total Artes e Humanidades	14	2	12	12	2	10
<b>Ciencias</b>						
Máster Universitario en Biotecnoloxía Avanzada	11	6	5	10	6	4
Máster Universitario en Ciencias, Tecnoloxías e Xestión Ambiental	11	6	5	8	5	3
Total Ciencias	53	23	30	42	20	22
<b>Ciencias da Saúde</b>						
Máster Universitario en Asistencia e Investigación Sanitaria	29	7	22	22	5	17
Máster Universitario en Intervención na Discapacidade e na Dependencia	28	1	27	19	1	18
Máster Universitario en Xerontoloxía	21	0	21	14	0	14
Total Ciencias da Saúde	82	11	71	57	8	49

	Poboación			Mostra		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
<b>Ciencias Sociais e Xurídicas</b>						
Máster Universitario en Asesoramento Xurídico Empresarial	28	12	16	22	8	14
Máster Universitario en Avogacía	48	17	31	34	12	22
Máster Universitario en Banca e Finanzas	15	5	10	12	5	7
Máster Universitario en Contabilidade Superior e Auditoría de Contas	15	7	8	9	5	4
Máster Universitario en Dereito: Estudos da Unión Europea	16	7	9	10	6	4
Máster Universitario en Dirección e Administración de Empresas	22	16	6	18	14	4
Máster Universitario en Dirección, Xestión e Innovación de Institucións Escolares e Socioeducativas	12	3	9	11	3	8
Máster Universitario en Estudios Avanzados sobre a Lingua e, a Comunicación e as súas Patoloxías,	20	1	19	19	1	18
Máster Universitario en Patrimonio Cultural: A Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal	12	3	9	11	2	9
Máster Universitario en Planificación e Xestión de Destinos e Novos Produtos Turísticos	15	4	11	13	4	9
Máster Universitario en Prevención de Riscos Laborais e Riscos Comúns	31	22	9	25	17	8
Máster Universitario en Profesorado (Artes Plásticas e Visuais).	13	4	9	11	2	9
Máster Universitario en Profesorado (Ciencias Experimentais).	22	7	15	17	5	12
Máster Universitario en Profesorado (Educación Física).	23	13	10	19	10	9
Máster Universitario en Profesorado (Tecnoloxía).	17	5	12	15	4	11
Máster Universitario en Profesorado (Formación e Orientación Laboral).	16	4	12	13	4	9
Máster Universitario en Profesorado (Lingua e Literatura Galega e Lingua e Literatura Castelá).	17	5	12	15	5	10
Máster Universitario en Profesorado (Lingua e Literatura Galega e Lingua e Literatura Castelá).	26	4	22	21	3	18
Máster Universitario en Profesorado (Orientación Educativa).	11	0	11	11	0	11
Máster Universitario en Psicoloxía Aplicada	22	6	16	16	3	13
Máster Universitario en Psicopedagoxía	18	1	17	17	1	16
Máster Universitario en Xestión e Dirección Laboral	17	4	13	14	2	12
Total Ciencias Sociais e Xurídicas	468	163	305	379	125	254
<b>Enxeñaría e Arquitectura</b>						
Máster Universitario en Dirección Integrada de Proxectos	17	10	7	9	6	3
Máster Universitario en Enxeñaría da Auga	15	9	6	9	3	6
Máster Universitario en Enxeñaría Informática	14	13	1	10	9	1
Máster Universitario en Enxeñaría Mariña	15	11	4	10	8	2
Máster Universitario en Rehabilitación Arquitectónica	15	8	7	14	7	7
Total Enxeñaría e Arquitectura	100	66	34	82	45	37
<b>Total</b>	<b>717</b>	<b>265</b>	<b>452</b>	<b>572</b>	<b>200</b>	<b>372</b>

**Nota.** Só se inclúen os datos desagregados dos másteres con más de 10 persoas egresadas. Con todo, os totais por área e xerais abranguen o total de egresados e egresadas e a mostra completa.

**TÁBOA 2. PERFIL DO ESTUDANTADO DOS MÁSTERES DA UDC**

	Mostra	Cont. est.	Idade media
Máster Universitario en Asesoramiento Xurídico Empresarial	22	45,5%	32,6
Máster Universitario en Asistencia e Investigación Sanitaria	22	63,6%	33,9
Máster Universitario en Avogacía	34	79,4%	32,3
Máster Universitario en Banca e Finanzas	12	91,7%	29,7
Máster Universitario en Biotecnoloxía Avanzada	10	70,0%	29,7
Máster Universitario en Ciencias, Tecnoloxías e Xestión Ambiental	8	75,0%	27,6
Máster Universitario en Contabilidade Superior e Auditoría de Contas	9	88,9%	28,1
Máster Universitario en Dereito: Estudos da Unión Europea	10	90,0%	29,3
Máster Universitario en Dirección e Administración de Empresas	18	77,8%	30,9
Máster Universitario en Dirección Integrada de Proxectos	9	44,4%	40,8
Máster Universitario en Dirección, Xestión e Innovación de Institucións Escolares e Socioeducativas	11	54,5%	33,5
Máster Universitario en Enxeñaría da Auga	9	22,2%	31,9
Máster Universitario en Enxeñaría Informática	10	60,0%	31,7
Máster Universitario en Enxeñaría Mariña	10	50,0%	39,3
Máster Universitario en Estudos Avanzados sobre a Lingua, a Comunicación e as súas Patoloxías	19	63,2%	29,3
Máster Universitario en Intervención na Discapacidade e na Dependencia	19	78,9%	30,1
Máster Universitario en Patrimonio Cultural: A Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal	11	18,2%	39,0
Máster Universitario en Planificación e Xestión de Destinos e Novos Produtos Turísticos	13	38,5%	37,3
Máster Universitario en Prevención de Riscos Laborais e Riscos Comúns	25	52,0%	36,5
Máster Universitario en Profesorado (Artes Plásticas e Visuais).	11	54,5%	33,9
Máster Universitario en Profesorado (Ciencias Experimentais).	17	47,1%	31,9
Máster Universitario en Profesorado (Educación Física).	19	78,9%	28,8
Máster Universitario en Profesorado (Tecnoloxía).	15	20,0%	34,7
Máster Universitario en Profesorado (Formación e Orientación Laboral).	13	46,2%	38,5
Máster Universitario en Profesorado (Lingua e Literatura Galega e Lingua e Literatura Castelá).	15	93,3%	28,0
Máster Universitario en Profesorado (Lingua Estrangeira).	21	81,0%	28,7
Máster Universitario en Profesorado (Orientación Educativa).	11	81,8%	30,5
Máster Universitario en Psicoloxía Aplicada	16	81,3%	28,6
Máster Universitario en Psicopedagoxía	17	88,2%	28,0
Máster Universitario en Rehabilitación Arquitectónica	14	100,0%	29,6
Máster Universitario en Xerontoloxía	14	71,4%	31,3
Máster Universitario en Xestión e Dirección Laboral	14	85,7%	31,4
<b>Artes e Humanidades</b>	12	33,3%	37,5
<b>Ciencias</b>	42	69,0%	30,3
<b>Ciencias da Saúde</b>	57	66,7%	32,4
<b>Ciencias Sociais e Xurídicas</b>	379	64,4%	32,0
<b>Enxeñaría e Arquitectura</b>	82	54,9%	34,2
<b>Media UDC</b>	572	62,9%	32,4

**Nota.** Cont. est. (continuación de estudios): porcentaxe de estudiantes que finalizaron o título anterior fai menos de dous anos.

## 2. SATISFACCIÓN COS ESTUDOS

O nivel medio de satisfacción cos estudos de máster universitario que efectuaron dos egresados e as egresadas da UDC é igual a 3,5 nunha escala do 1 ao 5, onde 1 significa «Nada satisfeito/a» e 5 «Moi satisfeito/a». A Figura 1 e a Táboa 3 presentan os resultados de satisfacción por rama de coñecemento e titulación.

Por rama de coñecemento, o nivel mínimo de satisfacción media é igual a 3,39 (Ciencias Sociais e Xurídicas), mentres que o máximo é de 4,0 (Artes e Humanidades). No entanto, as diferenzas entre ramas non son estatisticamente significativas.

Por titulación, hai catro con medias de satisfacción superiores a 4: os másteres universitarios en Asistencia e Investigación Sanitaria (4,14); Ciencias, Tecnoloxías e Xestión Ambiental (4,12); Dirección e Administración de Empresas (4,06); Biotecnoloxía Avanzada; e, por último, Contabilidade Superior e Auditoría de Contas (4,0). Pola súa vez, algunas titulacións presentan un nivel medio de satisfacción inferior a 3: os másteres en Profesorado – Lingua e Literatura Galega e Lingua e Literatura Castelá (2,13); Profesorado –Formación e Orientación Laboral (2,61); Intervención na Discapacidade e na Dependencia (2,74); Profesorado –Educación Física (2,84); e Dirección, Xestión e Innovación de Institucións Escolares e Socioeducativas (2,91).




FIGURA 1. SATISFACCIÓN MEDIA COS ESTUDOS DE MÁSTER UNIVERSITARIO POR RAMA DE COÑECEMENTO

**TÁBOA 3. SATISFACCIÓN MEDIA COS ESTUDOS DE MÁSTER UNIVERSITARIO POR TITULACIÓN**

Máster	Media	Desv. est.
Máster Universitario en Asistencia e Investigación Sanitaria	4,136	0,710
Máster Universitario en Ciencias, Tecnoloxías e Xestión Ambiental	4,125	0,835
Máster Universitario en Dirección e Administración de Empresas	4,056	0,802
Máster Universitario en Biotecnoloxía Avanzada	4,000	0,816
Máster Universitario en Contabilidade Superior e Auditoría de Contas	4,000	0,707
Máster Universitario en Dereito: Estudos da Unión Europea	3,900	0,568
Máster Universitario en Enxeñaría Mariña	3,900	0,738
Máster Universitario en Rehabilitación Arquitectónica	3,857	0,864
Máster Universitario en Profesorado (Orientación Educativa).	3,818	1,168
Máster Universitario en Enxeñaría Informática	3,800	0,919
Máster Universitario en Prevención de Riscos Laborais e Riscos Comúns	3,800	0,764
Máster Universitario en Estudios Avanzados sobre a Lingua, a Comunicación e as súas Patoloxías	3,737	1,098
Máster Universitario en Patrimonio Cultural: A Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal	3,727	1,104
Máster Universitario en Xerontoloxía	3,643	0,745
Máster Universitario en Psicoloxía Aplicada	3,625	1,204
Máster Universitario en Profesorado (Tecnoloxía).	3,600	0,737
Máster Universitario en Xestión e Dirección Laboral	3,571	0,756
Máster Universitario en Dirección Integrada de Proxectos	3,556	0,882
Máster Universitario en Banca e Finanzas	3,500	0,905
Máster Universitario en Psicopedagoxía	3,471	0,717
Máster Universitario en Enxeñaría da Auga	3,444	0,726
Máster Universitario en Profesorado (Artes Plásticas e Visuais).	3,273	0,647
Máster Universitario en Avogacía	3,235	0,890
Máster Universitario en Planificación e Xestión de Destinos e Novos Produtos Turísticos	3,231	0,927
Máster Universitario en Profesorado (Lingua Estranxeira).	3,143	0,910
Máster Universitario en Asesoramento Xurídico Empresarial	3,091	0,921
Máster Universitario en Profesorado (Ciencias Experimentais).	3,000	0,816
Máster Universitario en Dirección, Xestión e Innovación de Institucións Escolares e Socioeducativas	2,909	0,831
Máster Universitario en Profesorado (Educación Física).	2,842	1,015
Máster Universitario en Intervención na Discapacidade e na Dependencia	2,737	0,933
Máster Universitario en Profesorado (Formación e Orientación Laboral).	2,615	0,961
Máster Universitario en Profesorado (Lingua e Literatura Galega e Lingua e Literatura Castelá).	2,133	0,990
<b>Artes e Humanidades</b>	4,000	0,739
<b>Ciencias</b>	3,857	0,872
<b>Ciencias da Saúde</b>	3,544	0,983
<b>Ciencias Sociais e Xurídicas</b>	3,389	0,980
<b>Enxeñaría e Arquitectura</b>	3,720	0,933
<b>Media UDC</b>	3,499	0,974

### 3. INSERCIÓN LABORAL

#### 3.1. TAXAS DE ACTIVIDADE, EMPREGO E PARO DOS EGRESADOS E EGRESADAS DE MÁSTER NA UDC

Para os efectos do cálculo das taxas de inserción laboral, consideráronse ocupadas aquelas persoas egresadas de máster que declararon estar a desempeñar unha actividade laboral remunerada no momento da entrevista; e activas, as ocupadas e aquelas que, sen se atoparen ocupadas, declararon buscar emprego de forma activa. Así mesmo, consideráronse inactivas as non activas; e paradas as que non estaban ocupadas e buscaban emprego. A inserción laboral mediuse mediante as taxas que se definen a continuación.

$$\text{Taxa de actividad (TA)} = \frac{\text{Número de egresados ocupados e parados que buscan emprego}}{\text{Número de egresados}}$$

$$\text{Taxa de emplego (TE)} = \frac{\text{Número de egresados ocupados}}{\text{Número de egresados}}$$

$$\text{Taxa de paro (TP)} = \frac{\text{Número de egresados parados que buscan emprego}}{\text{Número de egresados activos}}$$




FIGURA 2. TAXAS DE ACTIVIDADE, EMPREGO E PARO POR RAMA DE COÑECIMENTO

**TÁBOA 4. TAXAS DE ACTIVIDADE, EMPREGO E PARO POR TITULACIÓN E RAMA DE COÑECEMENTO**

Máster	TA	TE	TP
Máster Universitario en Asesoramiento Xurídico Empresarial	95,5%	90,9%	4,8%
Máster Universitario en Asistencia e Investigación Sanitaria	95,5%	86,4%	9,5%
Máster Universitario en Avogacía	85,3%	85,3%	0,0%
Máster Universitario en Banca e Finanzas	100,0%	75,0%	25,0%
Máster Universitario en Biotecnoloxía Avanzada	50,0%	30,0%	40,0%
Máster Universitario en Ciencias, Tecnoloxías e Xestión Ambiental	87,5%	87,5%	0,0%
Máster Universitario en Contabilidade Superior e Auditoría de Contas	88,9%	88,9%	0,0%
Máster Universitario en Dereito: Estudos da Unión Europea	80,0%	80,0%	0,0%
Máster Universitario en Dirección e Administración de Empresas	100,0%	94,4%	5,6%
Máster Universitario en Dirección Integrada de Proxectos	100,0%	77,8%	22,2%
Máster Universitario en Dirección, Xestión e Innovación de Institucións Escolares e Socioeducativas	81,8%	81,8%	0,0%
Máster Universitario en Enxeñaría da Auga	100,0%	88,9%	11,1%
Máster Universitario en Enxeñaría Informática	100,0%	100,0%	0,0%
Máster Universitario en Enxeñaría Mariña	100,0%	100,0%	0,0%
Máster Universitario en Estudos Avanzados sobre a Lingua, a Comunicación e as súas Patoloxías	94,7%	94,7%	0,0%
Máster Universitario en Intervención na Discapacidade e na Dependencia	94,7%	78,9%	16,7%
Máster Universitario en Patrimonio Cultural: A Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal	81,8%	54,5%	33,3%
Máster Universitario en Planificación e Xestión de Destinos e Novos Produtos Turísticos	100,0%	100,0%	0,0%
Máster Universitario en Prevención de Riscos Laborais e Riscos Comúns	100,0%	92,0%	8,0%
Máster Universitario en Profesorado (Artes Plásticas e Visuais).	81,8%	81,8%	0,0%
Máster Universitario en Profesorado (Ciencias Experimentais).	88,2%	82,4%	6,7%
Máster Universitario en Profesorado (Educación Física).	94,7%	84,2%	11,1%
Máster Universitario en Profesorado (Tecnoloxía).	93,3%	93,3%	0,0%
Máster Universitario en Profesorado (Formación e Orientación Laboral).	92,3%	84,6%	8,3%
Máster Universitario en Profesorado (Lingua e Literatura Galega e Lingua e Literatura Castelá).	100,0%	86,7%	13,3%
Máster Universitario en Profesorado (Lingus Estranxeiras).	90,5%	90,5%	0,0%
Máster Universitario en Profesorado (Orientación Educativa).	90,9%	90,9%	0,0%
Máster Universitario en Psicoloxía Aplicada	87,5%	87,5%	0,0%
Máster Universitario en Psicopedagogía	94,1%	94,1%	0,0%
Máster Universitario en Rehabilitación Arquitectónica	92,9%	85,7%	7,7%
Máster Universitario en Xerontoloxía	100,0%	92,9%	7,1%
Máster Universitario en Xestión e Dirección Laboral	100,0%	64,3%	35,7%
<b>Artes e Humanidades</b>	100,0%	83,3%	16,7%
<b>Ciencias</b>	78,6%	66,7%	15,2%
<b>Ciencias da Saúde</b>	94,7%	84,2%	11,1%
<b>Ciencias Sociais e Xurídicas</b>	92,3%	86,8%	6,0%
<b>Enxeñaría e Arquitectura</b>	98,8%	93,9%	4,9%
<b>Media UDC</b>	92,7%	86,0%	7,2%

Na Táboa 4 preséntanse os resultados de inserción laboral por titulación e rama de coñecemento. Cos datos dispoñibles, obsérvase que a taxa media de emprego dos egresados e as egresadas da UDC no curso 2014/15 é do 86,0%, cunha taxa de paro do 7,2%. É dicir, o 86,0% de todos os egresados ten un emprego aproximadamente tres anos e medio despois de finalizar o máster.

Segundo a Enquisa de poboación activa do Instituto Nacional de Estatística (INE), no primeiro trimestre de 2019, en Galicia, a taxa de paro era igual ao 12,5%, mentres que a taxa de paro das persoas cun nivel de formación superior de todas as idades alcanzaba o 4,1 %. Como pode apreciarse, a taxa de paro das persoas que completaron estudos de máster universitario na UDC é algo superior (7,2%); porén, hai que ter en conta que se trata dunha poboación nova, en que os niveis de paro son máis altos que os da poboación activa con formación universitaria.

Ademais, como xa mencionamos e pode verse na Táboa 2, aproximadamente catro de cada 10 egresados e egresadas terminaron a súa titulación anterior máis de dous anos antes de matricularse no máster. É dicir, a poboación da mostra inclúe grupos de persoas con historiais académicos e profesionais distintos.

Finalmente, as taxas de actividade, emprego e paro que se recollen na Táboa 4 non se refiren a un lugar xeográfico determinado (por exemplo, a provincia da Coruña), senón a unha cohorte específica de egresados, que en parte traballan e residen no estranxeiro. Polas mesmas razóns, e polo feito de que moitas profesións non prevén a afiliación obligatoria, as taxas de emprego deste estudio poden ser distintas das taxas de afiliación á Seguridade Social.

Como se pon de manifesto na Figura 2, os resultados non son homoxéneos por rama de coñecemento. A taxa de actividade varía desde o 78,6% de Ciencias ata o 98,8% de Enxeñaría e Arquitectura. A taxa de emprego oscila desde un mínimo do 66,7% en Ciencias ata un máximo do 93,9% en Enxeñaría e Arquitectura. Como veremos más adiante, as persoas egresadas que están a preparar oposiciones explican gran parte das diferenzas observadas.

Por titulación, destacan 12 con taxas de emprego superiores ao 90%. Os másteres universitarios en Enxeñaría Informática, en Enxeñaría Mariña e en Xestión de Destinos e Novos Produtos Turísticos son os únicos cunhas taxas de emprego e de actividade do 100%. Pola contra, o Máster Universitario en Biotecnoloxía Avanzada presenta a taxa de actividade máis baixa, do 50,0%.

**TÁBOA 5. TAXAS DE ACTIVIDADE E EMPREGO, POR XÉNERO, DAS PERSOAS EGRESADAS DE MÁSTER NA UDC**

<b>Máster</b>	<b>Taxa de actividade</b>		<b>Taxa de emprego</b>	
	<b>Homes</b>	<b>Mulleres</b>	<b>Homes</b>	<b>Mulleres</b>
Máster Universitario en Asesoramiento Xurídico Empresarial	87,5%	100,0%	75,0%	100,0%
Máster Universitario en Asistencia e Investigación Sanitaria	100,0%	94,1%	80,0%	88,2%
Máster Universitario en Avogacía	91,7%	81,8%	91,7%	81,8%
Máster Universitario en Banca e Finanzas	100,0%	100,0%	60,0%	85,7%
Máster Universitario en Biotecnoloxía Avanzada	33,3%	75,0%	16,7%	50,0%
Máster Universitario en Ciencias, Tecnoloxías e Xestión Ambiental	80,0%	100,0%	80,0%	100,0%
Máster Universitario en Contabilidade Superior e Auditoría de Contas	100,0%	75,0%	100,0%	75,0%
Máster Universitario en Dereito: Estudos da Unión Europea	66,7%	100,0%	66,7%	100,0%
Máster Universitario en Dirección e Administración de Empresas	100,0%	100,0%	92,9%	100,0%
Máster Universitario en Dirección Integrada de Proxectos	100,0%	100,0%	83,3%	66,7%
Máster Universitario en Dirección, Xestión e Innovación de Institucións Escolares e Socioeducativas	100,0%	75,0%	100,0%	75,0%
Máster Universitario en Enxeñaría da Auga	100,0%	100,0%	66,7%	100,0%
Máster Universitario en Enxeñaría Informática	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%
Máster Universitario en Enxeñaría Mariña	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%
Máster Universitario en Estudos Avanzados sobre a Linguaaxe, a Comunicación e as súas Patoloxías	100,0%	94,4%	100,0%	94,4%
Máster Universitario en Intervención na Discapacidade e na Dependencia	100,0%	94,4%	100,0%	77,8%
Máster Universitario en Patrimonio Cultural: A Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal	0,0%	100,0%	0,0%	66,7%
Máster Universitario en Planificación e Xestión de Destinos e Novos Produtos Turísticos	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%
Máster Universitario en Prevención de Riscos Laborais e Riscos Comúns	100,0%	100,0%	100,0%	75,0%
Máster Universitario en Profesorado (Artes Plásticas e Visuais).	100,0%	77,8%	100,0%	77,8%
Máster Universitario en Profesorado (Ciencias Experimentais).	100,0%	83,3%	100,0%	75,0%
Máster Universitario en Profesorado (Educación Física).	100,0%	88,9%	90,0%	77,8%
Máster Universitario en Profesorado (Tecnoloxía).	100,0%	90,9%	100,0%	90,9%
Máster Universitario en Profesorado (Formación e Orientación Laboral).	100,0%	88,9%	100,0%	77,8%
Máster Universitario en Profesorado (Lingua e Literatura Galega e Lingua e Literatura Castelá).	100,0%	100,0%	80,0%	90,0%
Máster Universitario en Profesorado (Linguaes Estranxeiras).	100,0%	88,9%	100,0%	88,9%
Máster Universitario en Profesorado (Orientación Educativa).		92,3%		90,9%
Máster Universitario en Psicoloxía Aplicada	66,7%	92,3%	66,7%	92,3%
Máster Universitario en Psicopedagoxía	100,0%	93,8%	100,0%	93,8%
Máster Universitario en Rehabilitación Arquitectónica	100,0%	85,7%	100,0%	71,4%
Máster Universitario en Xerontoloxía		100,0%		92,9%
Máster Universitario en Xestión e Dirección Laboral	100,0%	100,0%	0,0%	75,0%
<b>Artes e Humanidades</b>	100,0%	100,0%	100,0%	80,0%
<b>Ciencias</b>	75,0%	81,8%	65,0%	68,2%
<b>Ciencias da Saúde</b>	87,5%	95,9%	75,0%	85,7%
<b>Ciencias Sociais e Xurídicas</b>	94,4%	91,3%	88,0%	86,2%
<b>Enxeñaría e Arquitectura</b>	100,0%	97,1%	95,8%	91,2%
<b>Media UDC</b>	93,6%	92,1%	87,2%	85,4%

**TÁBOA 6. PERSOAS INACTIVAS E CAUSAS DA INACTIVIDADE**

Rama	Mostra	% de inactivos	Causa da inactividade		
			% de opositores	% de estudiantes	% doutras causas
Artes e Humanidades	12	0,0%			
Ciencias	42	21,4%	55,6%	44,4%	
Ciencias da Saúde	57	5,3%	33,3%		66,7%
Ciencias Sociais e Xurídicas	379	7,7%	75,9%	13,8%	10,3%
Enxeñaría e Arquitectura	82	1,2%	100,0%		
UDC	572	7,3%	69,0%	19,0%	11,9%

As taxas de actividade e emprego son algo maiores para os homes que para as mulleres, como se pode observar na Táboa 5. A principios de 2019, en Galicia, a taxa de emprego dos homes superaba á das mulleres en 7,5 puntos porcentuais, de acordo cos datos da Enquisa de poboación activa do INE. Os nosos datos indican que a diferenza de xénero na taxa de emprego das persoas tituladas da UDC é de media de 1,8 puntos porcentuais; ademais, a esta diferenza súmase a que existe na taxa de actividade, 1,5 puntos porcentuais maior no caso dos homes, de media.

A maior diferenza entre as taxas de emprego de homes e mulleres dáse na rama de Artes e Humanidades, en que é de 20 puntos porcentuais. Acontece ademais que na rama de Ciencias da Saúde é favorable ás mulleres, con -10,7 puntos porcentuais. Estas discrepancias dependen, entre outros factores, da distinta proporción de persoas activas e inactivas por xénero. Por exemplo, en Artes e Humanidades a taxa de actividade dos homes iguala á das mulleres; en cambio, en Enxeñaría e Arquitectura supera á das mulleres en 2,9 puntos porcentuais. Por tanto, as diferenzas na taxa de paro son menos amplas que as diferenzas nas taxas de emprego.

A rama de Ciencias presenta a maior porcentaxe de persoas inactivas, debido ao gran número de egresados que prepara oposicións ou que continúa os seus estudos, neste caso nun programa de doutoramento (véxase a Táboa 6). Na rama de Enxeñaría e Arquitectura, a totalidade das persoas inactivas está a preparar oposicións. A elevada cifra de opositoras tamén explica a porcentaxe de persoas inactivas en Ciencias Sociais e Xurídicas. De media, na UDC, o 88% de egresados inactivos prepara oposición ou continúa os seus estudos.

### **3.2. PRÁCTICAS LABORAIS E CONSECUCIÓN DO PRIMEIRO EMPREGO**

As prácticas en empresas ou noutras organizacións teñen múltiples funcións e permítenlle ao estudantado desenvolver un amplo conxunto de competencias. Con todo, neste apartado faise referencia de forma exclusiva a un aspecto instrumental das prácticas, é dicir, ao seu papel de facilitadoras da transición ao mercado laboral. Con este propósito, valoráronse tanto a porcentaxe

de estudiantes que fixeron prácticas durante os seus estudos como a utilidade que lles atribúen á hora de buscar e atopar un emprego. Para unha correcta interpretación dos resultados, hai que ter en conta que as prácticas son obligatorias na maioría dos plans de estudio (nos cales, en calquera caso, hai procesos de recoñecemento da experiencia profesional), e que só algunas titulacións específicas non prevén a súa realización.

Na Táboa 7 preséntanse os resultados por titulación e rama de coñecemento da porcentaxe de estudiantes que efectuaron prácticas. Como se pode observar, hai grandes diferenzas entre ramas e titulacións. As prácticas constitúen un elemento fundamental da formación na rama de Ciencias: a porcentaxe de alumnado que as realiza supera o 90%. En cambio, nas ramas de Enxeñaría e Arquitectura e Arte e Humanidades a gran maioría de egresados e egresadas (68,3% e 66,7%, respectivamente) declara que non fixo ningunha práctica.


Na mesma Táboa 7 recóllese a porcentaxe de estudiantes que declararon que as prácticas lles pareceron útiles para buscar ou atopar un emprego. Como se mencionou anteriormente, só se trata da utilidade percibida con respecto a unha finalidade concreta, malia entendermos que é un aspecto relevante no estudo da inserción laboral. O 53,8% dos egresados declarou que as prácticas lle foron útiles para acceder ao mercado de traballo. Tamén neste caso se observa unha gran variabilidade entre ramas de coñecemento e titulacións.

Os egresados e as egresadas que percibiron máis útiles as prácticas son os e as que acabaron os seus estudos de máster universitario en Dereito: Estudos da Unión Europea (100,0%); Enxeñaría Informática (85,7%); Ciencias, Tecnoloxías e Xestión Ambiental (85,7%); Biotecnoloxía Avanzada (80,0%); e Planificación e Xestión de Destinos e Novos Produtos Turísticos (80,0%). En todas as demais titulacións a porcentaxe das persoas que declaran que as prácticas foron útiles é inferior ao 80 %, e, de feito, en 13 dos 28 másteres restantes a porcentaxe das que cren que as prácticas non foron útiles é a maioritaria.

**TÁBOA 7. PORCENTAXE DE ESTUDANTES QUE REALIZARON PRÁCTICAS E UTILIDADE PERCIBIDA DESTAS**

Máster	Prácticas	Utilidade
Máster Universitario en Biotecnología Avanzada	100,0%	80,0%
Máster Universitario en Contabilidad Superior e Auditoría de Contas	100,0%	77,8%
Máster Universitario en Profesorado (Lingua Estrangeira).	100,0%	76,2%
Máster Universitario en Profesorado (Artes Plásticas e Visuais).	100,0%	54,5%
Máster Universitario en Profesorado (Ciencias Experimentais).	100,0%	47,1%
Máster Universitario en Profesorado (Lingua e Literatura Galega e Lingua e Literatura Castelá).	100,0%	46,7%
Máster Universitario en Profesorado (Formación e Orientación Laboral).	100,0%	23,1%
Máster Universitario en Avogacía	94,1%	65,6%
Máster Universitario en Profesorado (Tecnología).	93,3%	21,4%
Máster Universitario en Gestión e Dirección Laboral	92,9%	69,2%
Máster Universitario en Prevención de Riscos Laborais e Riscos Comunes	92,0%	65,2%
Máster Universitario en Dirección, Gestión e Innovación de Instituciones Escolares e Socioeducativas	90,9%	30,0%
Máster Universitario en Estudios Avanzados sobre a Lingua, a Comunicación e as súas Patologías	89,5%	76,5%
Máster Universitario en Enseñanza da Auga	88,9%	37,5%
Máster Universitario en Psicopedagogía	88,2%	46,7%
Máster Universitario en Ciencias, Tecnologías e Gestión Ambiental	87,5%	85,7%
Máster Universitario en Xerontología	85,7%	25,0%
Máster Universitario en Banca e Finanzas	83,3%	60,0%
Máster Universitario en Asesoramiento Jurídico Empresarial	77,3%	58,8%
Máster Universitario en Enseñanza Informática	70,0%	85,7%
Máster Universitario en Profesorado (Educación Física).	68,4%	30,8%
Máster Universitario en Dirección e Administración de Empresas	66,7%	41,7%
Máster Universitario en Dirección Integrada de Proyectos	44,4%	50,0%
Máster Universitario en Planificación e Gestión de Destinos e Novos Productos Turísticos	38,5%	80,0%
Máster Universitario en Asistencia e Investigación Sanitaria	27,3%	33,3%
Máster Universitario en Patrimonio Cultural: A Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal	18,2%	50,0%
Máster Universitario en Derecho: Estudios da Unión Europea	10,0%	100,0%
Máster Universitario en Intervención na Discapacidade e na Dependencia	5,3%	0,0%
Máster Universitario en Enseñanza Mariña	0,0%	
Máster Universitario en Profesorado (Orientación Educativa).	0,0%	
Máster Universitario en Psicología Aplicada	0,0%	
Máster Universitario en Rehabilitación Arquitectónica	0,0%	
<b>Artes e Humanidades</b>	33,3%	0,0%
<b>Ciencias</b>	92,9%	64,1%
<b>Ciencias da Saúde</b>	35,1%	30,0%
<b>Ciencias Sociais e Xurídicas</b>	74,1%	54,8%
<b>Enseñanza e Arquitectura</b>	31,7%	53,8%
<b>Media UDC</b>	64,7%	53,8%

**Nota.** As prácticas son obligatorias na maioría dos plans de estudos. Con todo, a porcentaxe de estudiantes que realizaron prácticas pode ser inferior ao 100 % debido aos procesos de recoñecemento.



**FIGURA 3. TEMPO TRANSCORRIDO DESDE A FINALIZACIÓN DO MÁSTER ATA CONSEGUIR O PRIMEIRO EMPREGO, POR RAMA DE COÑECEMENTO (NÚMERO DE EGRESADOS E EGRESADAS EN CADA INTERVALO)**

### 3.3. TEMPO QUE TRANSCORRE DESDE A FINALIZACIÓN DO MÁSTER ATA ATOPAR O PRIMEIRO EMPREGO

Outro aspecto relevante da inserción laboral é o tempo que transcorre desde a finalización do máster universitario ata a consecución do primeiro emprego. Na Táboa 8 preséntanse os resultados para esta variable. É necesario sinalarmos que os resultados fan referencia ao tempo transcorrido desde que os egresados e as egresadas remataron os estudos de máster ata a súa primeira oportunidade laboral. Por tanto, poderían, no momento de se facer a entrevista, atoparse en paro.

De media, o 35,7% dos egresados atopou emprego antes de terminar os seus estudos; o 42,4% tardou menos de sete meses; o 8,1% tardou entre sete e 12 meses e o resto tardou máis dun ano. Tamén neste caso se aprecian grandes diferenzas entre ramas e titulacións. Por exemplo, o 70% das persoas que cursaron os másteres universitarios en Estudios Avanzados sobre a Lingua e a Comunicación e as súas Patoloxías; Planificación e Xestión de Destinos e Novos Produtos Turísticos; e Profesorado (Orientación educativa) tiña un traballo antes de obter o título. Pola súa

vez, a totalidade do alumnado do Máster Universitario en Ciencias, Tecnoloxías e Xestión Ambiental acadou a súa primeira oportunidade laboral nos seis meses posteriores a acabalo; ségueo en porcentaxe o 77,8% dos egresados e egresadas do Máster Universitario en Contabilidade Superior e Auditoría de Contas.

Na Figura 3 preséntase o número de egresados e o tempo que pasou desde que remataron os estudos de máster ata que conseguiron o primeiro emprego, por rama de coñecemento. En Artes e Humanidades o 58,3% atopou o primeiro emprego antes de terminar os seus estudos, fronte ao 16,7% que o fixo durante os primeiros seis meses posteriores. En Ciencias o 70,6% acadou unha colocación durante os primeiros seis meses posteriores ao remate do máster, fronte ao 2,9% que tivo o primeiro emprego antes de concluílo.

**TÁBOA 8. TEMPO TRANSCORRIDO DESDE A FINALIZACIÓN DO MÁSTER ATA CONSEGUIR O PRIMEIRO EMPREGO, POR TITULACIÓN E RAMA DE COÑECEMENTO**

Máster	Antes de terminar	0-6 meses	7-12 meses	> 12 meses
Máster Universitario en Asesoramento Xurídico Empresarial	35,0%	50,0%	10,0%	5,0%
Máster Universitario en Asistencia e Investigación Sanitaria	55,0%	35,0%	0,0%	10,0%
Máster Universitario en Avogacía	53,3%	36,7%	3,3%	6,7%
Máster Universitario en Banca e Finanzas	36,4%	54,5%	9,1%	0,0%
Máster Universitario en Biotecnoloxía Avanzada	0,0%	66,7%	16,7%	16,7%
Máster Universitario en Ciencias, Tecnoloxías e Xestión Ambiental	0,0%	100%	0,0%	0,0%
Máster Universitario en Contabilidade Superior e Auditoría de Contas	11,1%	77,8%	0,0%	11,1%
Máster Universitario en Dereito: Estudos da Unión Europea	22,2%	44,4%	11,1%	22,2%
Máster Universitario en Dirección e Administración de Empresas	18,8%	62,5%	0,0%	18,8%
Máster Universitario en Dirección Integrada de Proxectos	62,5%	25,0%	0,0%	12,5%
Máster Universitario en Dirección, Xestión e Innovación de Institucións Escolares e Socioeducativas	40,0%	50,0%	0,0%	10,0%
Máster Universitario en Enxeñaría da Auga	11,1%	44,4%	11,1%	33,3%
Máster Universitario en Enxeñaría Informática	60,0%	40,0%	0,0%	0,0%
Máster Universitario en Enxeñaría Mariña	80,0%	20,0%	0,0%	0,0%
Máster Universitario en Estudos Avanzados sobre a Lingua, a Comunicación e as súas Patoloxías	15,8%	63,2%	5,3%	15,8%
Máster Universitario en Intervención na Discapacidade e na Dependencia	36,8%	57,9%	0,0%	5,3%
Máster Universitario en Patrimonio Cultural: A Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal	54,5%	27,3%	9,1%	9,1%
Máster Universitario en Planificación e Xestión de Destinos e Novos Produtos Turísticos	76,9%	23,1%	0,0%	0,0%
Máster Universitario en Prevención de Riscos Laborais e Riscos Comúns	41,7%	33,3%	12,5%	12,5%
Máster Universitario en Profesorado (Artes Plásticas e Visuais).	36,4%	18,2%	27,3%	18,2%
Máster Universitario en Profesorado (Ciencias Experimentais).	25,0%	37,5%	6,3%	31,3%
Máster Universitario en Profesorado (Educación Física).	36,8%	36,8%	10,5%	15,8%
Máster Universitario en Profesorado (Tecnoloxía).	26,7%	40,0%	13,3%	20,0%
Máster Universitario en Profesorado (Formación e Orientación Laboral).	30,8%	46,2%	7,7%	15,4%
Máster Universitario en Profesorado (Lingua e Literatura Galega e Lingua e Literatura Castelá).	7,1%	42,9%	14,3%	35,7%
Máster Universitario en Profesorado (Lingua Estranxeira).	23,8%	52,4%	14,3%	9,5%
Máster Universitario en Profesorado (Orientación Educativa).	72,7%	27,3%	0,0%	0,0%
Máster Universitario en Psicoloxía Aplicada	0,0%	42,9%	28,6%	28,6%
Máster Universitario en Psicopedagoxía	13,3%	26,7%	13,3%	46,7%
Máster Universitario en Rehabilitación Arquitectónica	14,3%	64,3%	14,3%	7,1%
Máster Universitario en Xerontoloxía	35,7%	50,0%	7,1%	7,1%
Máster Universitario en Xestión e Dirección Laboral	28,6%	35,7%	7,1%	28,6%
<b>Artes e Humanidades</b>	58,3%	16,7%	8,3%	16,7%
<b>Ciencias</b>	2,9%	70,6%	11,8%	14,7%
<b>Ciencias da Saúde</b>	44,4%	46,3%	1,9%	7,4%
<b>Ciencias Sociais e Xurídicas</b>	34,0%	41,2%	9,1%	15,7%
<b>Enxeñaría e Arquitectura</b>	48,1%	37,0%	6,2%	8,6%
<b>Media UDC</b>	35,7%	42,4%	8,1%	13,8%

## **4. CARACTERÍSTICAS DO EMPREGO**

### **4.1. RELACIÓN ENTRE OCUPACIÓN E ESTUDOS**

No capítulo anterior tratouse a inserción laboral sen referencia explícita á calidade dos empregos das persoas egresadas dun máster universitario. Como observamos, a taxa de paro media dos egresados e as egresadas da UDC é inferior ao 7,5%. Porén, é necesario valorar tamén as características principais dos empregos que obteñen, cuestión que se analiza a seguir.

Cabe lembrarmos que os resultados en termos de empregabilidade destas persoas dependen de múltiples factores, entre os que cómpre incluír tanto a súa formación e preparación como as propias características do mercado laboral, cuxa estrutura e cuxo funcionamento determinan en gran parte as oportunidades que este ofrece.


En primeiro lugar, aproximadamente un 53% dos egresados ocupados declara que ten un emprego relacionado ou moi relacionado cos seus estudos (véxase a Táboa 9). Nunha escala do 1 ao 5, onde 1 significa «Sen ningunha relación» e 5 «Totalmente relacionado», a valoración media é de 3,3. A relación media más alta obsérvase na rama de Ciencias da Saúde (3,5) e a más baixa en Artes e Humanidades (2,3). En sete titulacións, máis do 70% das persoas egresadas valora a relación entre emprego e estudos como alta ou moi alta. Só en dúas titulacións a maioría dos egresados ocupados non declara que exista unha relación alta ou moi alta entre traballo e estudos.

